

Edificio Miralles
Campus Universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 587
Fax 986 814 032

extension.uvigo.es
vicext@uvigo.es

Resolución Reitoral do 20 de febreiro de 2017 pola que se publica a listaxe definitiva de plans aprobados e denegados da Convocatoria para implantar plans de internacionalización nos centros da Universidade de Vigo a partir do curso 2017-2018

Por Resolución Reitoral do 27 de xullo de 2016 convocouse unha liña de incentivos, en réxime de concorrencia competitiva, para implantar plans de internacionalización nos centros da Universidade de Vigo a partir do curso 2017/2018. Por Resolución Reitoral de 29 novembro de 2016 publicouse a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas da dita Convocatoria, e por Resolución Reitoral de 12 de xaneiro de 2017 nomeáronse os membros da Comisión de Valoración de Plans de Internacionalización dos Centros ao abeiro do Artigo 5.2 das bases da Convocatoria.

Publicada a listaxe provisional de plans de internacionalización admitidos e excluídos e unha vez transcorrido o prazo de corrección, segundo o punto 6 das bases da convocatoria, esta Reitoría

RESOLVE:

1. Aprobar a listaxe definitiva de plans de internacionalización aprobados (Anexo I). Os plans aprobados terán dereito unicamente ós incentivos recollidos no Artigo 7 das bases da convocatoria. No caso dos incentivos correspondentes aos epígrafes 3 e 5 de dito Artigo, O Anexo I recolle a proposta de asignación de recursos a cada plan.

2. Establecer os prazos de presentación das memorias de seguimento e finais recollidas no Anexo II.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 20 de febreiro de 2017


O Reitor
Por delegación de competencias (RR 7/5/2014)
O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais



Manuel J. Fernández Iglesias

Dilixencia para facer constar que esta resolución publícase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo, con data 20 de febreiro de 2017
A secretaria do Vicerreitor

Carmen Luisa Pereira Castro



ANEXO I Listaxe definitiva de plans aprobados

Titulación	Tipo	Horas totais en inglés 17/18*	Horas a maiores 17/18	Bolseiro de apoio
GRAO EN ADE (CAMPUS DE OURENSE)	B	450	450	B1
GRAO EN TURISMO	B	145	145	B1
GRAO EN BIOLOXÍA	B	250	250	B2
GRAO EN ENXEÑERÍA DE SS. DE TEL.	B	553	112	B3
MÁSTER EN ENXEÑERÍA DE TELECOM.	B	510	0	B3
GRAO EN CIENCIAS DO MAR	B	268	268	B2
GRAO EN TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS	B	950	260	B4
GRAO EN ENXEÑARÍA MECÁNICA	B	1026	312	B4
GRAO EN ENXEÑARÍA DA ENERXÍA	B	150	150	B3
GRAO EN ENX. DOS REC. MIN. ENERX.	B	50	50	B3
GRAO EN COMERCIO	C	NP	NP	B5
MÁSTER EN COMERCIO INTERNACIONAL	C	NP	NP	B5
MASTER EN DIRECCIÓN DE PEMES	C	NP	NP	B5
GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS	C	NP	NP	B6
GRAO EN DEREITO	C	NP	NP	B6
GRAO EN CC. DA LINGUAXE E EST. LITERARIOS	C	NP	NP	B6

(*). No caso dos plans tipo B, o Centro comprométese a implantar alomenos un cuatrimestre completo en inglés antes da finalización do curso 2019/20 (Art. 2.6 das bases da Convocatoria).

ANEXO II Calendario de presentación de memorias

- 1ª memoria de seguimento: 16 de xullo de 2018
- 2ª memoria de seguimento: 15 de xullo de 2019
- Memoria final: 15 de xullo de 2020

As memorias presentaranse en formato electrónico e remitiranse ao enderezo electrónico vicext@uvigo.es antes das 00:00 horas do día seguinte ao recollido no calendario anterior.

As memorias incluírán polo menos os seguintes apartados:

- Modificacións respecto do Plan de Internacionalización orixinal, se procede, e xustificación das mesmas.
- Actividades desenvolvidas durante o período para acadar os obxectivos recollidos no plan.